

Informe da intervención de contas correspondente ao exercicio 2014

Os interventores abaixo asinantes, da Cooperativa SOM ENERGIA Sociedad Cooperativa Catalana Limitada, inscrita no Rexistro de Cooperativas de Cataluña, co número 1396.1, en cumprimento do disposto no artigo 51.5 da Lei 18/2002, de 5 de xullo, de cooperativas de Cataluña, emitimos o seguinte informe:

INFORMAMOS

Como persoas abaixo asinantes, manifestamos:

1. Que recibimos toda clase de facilidades para examinar os libros de contabilidade e os documentos depositados na sede social da empresa e que nos facilitaron de maneira razoable a información solicitada, polo que as operacións producidas e rexistradas contablemente, nos merecen un grado suficiente de fiabilidade.
2. Que consideramos razoablemente correctas as anotacións no libro de inventarios e balances, pechado a 31/12/2014, a conta de perdas e ganancias (ver recomendación 1); a memoria explicativa da xestión da cooperativa, así como tamén, en conxunto, o resto de documentos contables que se deben presentar á Asemblea Xeral para a súa aprobación.
3. Que consideramos correcta a proposta de distribución de imputación de perdas presentada á Asemblea Xeral.
4. Que do proceso xeral de auditoría despréndense unha serie de consideracións sobre a metodoloxía de rexistro de información que, na nosa opinión, mellorarían moito a rigurosidade da información económica presentada; estas melloras non cuestionan en absoluto o fondo da información auditada, sino nalgún caso a forma de presentación e nalgún outro caso o axuste económico.

E segundo o anteriormente exposto, e en proba de conformidade, asinan este informe.

Identificación e sinatura das persoas interventoras:

- | | | |
|-----------------------------------|----------------|---------------|
| - María Mercedes Santos i Sumalla | DNI 46728262-J | nº socia 6136 |
| - Javier Olivares González | DNI 46603324B | nº socio 8037 |
| - Ferran Mozas i Banzo | DNI 36953275A | nº socio 91 |

Girona, 26 de abril de 2015

(Si / Non) hai opinións discrepantes (no seu caso adxúntanse en documento anexo)

Consideracións de mellora para a metodoloxía de rexistro e control da información contable e de xestión a Som Energia

1. Tendo en conta que proximamente hai que actualizar os contratos de servizos con APERGAS e con 2G Solutions, que subministran servizos de mantemento, supervisión e xestión da pranta de biogás de Torregrossa, o equipo de interventoras considera recomendable unha análise fonda do contido dos contratos e a súa adecuación á prestación efectiva do servizo, á proporción equilibrada entre o prezo de aqueles servizos e os servizos mesmos e, tamén, aclarar as definicións dos servizos excluídos e incluídos, pois nalgún caso poderían parecer contraditorios.

Sen prexuízo de que, con coñecemento do equipo directivo e a aprobación do mesmo, o equipo de interventoras poida levar a cabo unha avaliación sobre o terreo coas persoas encargadas de aqueles servizos.

2. Vólvese facer a recomendación de que os presupostos anuais se periodifiquen, de cara unicamente á xestión e control interno, de maneira mensual ou, polo menos, trimestral e que, por parte do equipo xestor, se revisen as posibles desviacións e as medidas a tomar en cada caso.